



EXPEDIENTE: 2025/E001/000001 (relacionado co expediente 2024/A008/000042)

ASUNTO: PROCESO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE TRES PEÓNS/PEOAS AO ABEIRO DO PROGRAMA PEL-CONCELLOS 2025 DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

TRÁMITE: RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DA APROBACIÓN DA LISTA DEFINITIVA DE PERSOAS ASPIRANTES ADMITIDAS E EXCLUÍDAS NO PROCESO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE TRES PEÓNS/PEOAS AO ABEIRO DO PROGRAMA PEL-CONCELLOS 2025. NOMEAMENTO DE TRIBUNAL E DESIGNACIÓN DE DÍA PARA REALIZAR A FASE DE OPOSICIÓN E CONCURSO

Logo de ver o expediente que se tramita para a selección de tres peóns/peoas para o Concello de Dodro ao abeiro do Programa PEL-CONCELLOS 2025, mediante o sistema de concurso-oposición, segundo as bases aprobadas por Resolución da Alcaldía número 105/2025 do 12 de marzo de 2025.

O anuncio e bases da convocatoria foi publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña o martes 18 de marzo de 2025 (BOP núm. 52) e publicado no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Dodro.

Por Resolución da Alcaldía núm. 152/2025 de data 10/04/2025 resolveuse, entre outros, aprobar a lista provisional de persoas admitidas e excluídas, concedendo un prazo de 2 días hábiles seguintes á publicación da antedita resolución no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Dodro, para presentar as reclamacións oportunas ou emendas de defectos.

Logo de ver a dilixencia da funcionaria encargada do Rexistro de Entrada e Saída de documentos do Concello de Dodro, de data 22/04/2025 resulta que, rematado o prazo para a presentación de alegacións e/ou emendas contra o listado provisional, resulta que non se presentaron.

Finalizado o prazo de presentación de alegacións contra a resolución que aproba a lista provisional de admitidos e excluídos, e comprobados os requisitos esixidos nas bases da convocatoria, e en uso das facultades conferidas polo artigo 21 da Lei 7/1985, de 5 de abril Reguladora das Bases do Réxime Local, **RESOLVO:**

Primeiro.- Aprobar a lista definitiva das persoas aspirantes admitidas e excluídas no proceso selectivo para a contratación laboral temporal, a tempo parcial (37 horas semanais), de 3 peóns/peoas para a realización de obras e servizos municipais do Concello de Dodro ao abeiro do Programa PEL-CONCELLOS 2025 da Deputación provincial da Coruña (BOP núm. 52, do 18 de marzo de 2025):

Modalidade de contrato para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral.

APELIDOS E NOME	DNI	CELGA 1 OU EQUIVALENTE	ADMITIDO/A EXCLUÍDO/A
BARREIRO VIGO, ANTONIO	***898***	NON	ADMITIDO
BUSTELO RIAL, JAVIER	***842***	NON	ADMITIDO
FRANCO SOMOZA, JOSÉ RAMÓN	***921***	SI	ADMITIDO
LÓPEZ TABOADA, MARÍA DE LOS ÁNGELES	***511***	SI	ADMITIDA
MORALES GÓMEZ, MARÍA ERNESTINA	***934***	SI	ADMITIDA
VARELA CASTRO, MANUEL ANTONIO	***421***	SI	EXCLUÍDO (1)



Segundo.- Designar ao Tribunal Cualificador que estará composto polos seguintes membros:

Presidente:

Titular: Abel García Fabeiro, persoal laboral fixo do Concello de Dodro.

Suplente: Juan José Muíños Rodríguez, persoal laboral fixo do Concello de Dodro.

Vogais:

Titular: Sonia María Montoiro Castro, persoal laboral fixo do Concello de Dodro.

Suplente: Natividad Lorenzo Campos, persoal laboral fixo do Concello de Dodro.

Titular: Ana María Rial Dafonte, funcionaria do Concello de Dodro.

Suplente: María José Rodríguez Expósito, funcionaria do Concello de Dodro.

Titular: María Isabel Francisco Saborido, persoal laboral fixo do Concello de Dodro.

Suplente: María José Janeiro Castiñeiras, persoal laboral fixo do Concello de Dodro.

Secretaria:

Titular: María Elisabet Domínguez Rodríguez, persoal laboral fixo do Concello de Dodro.

Suplente: María Lourdes Diéguez Rarís, persoal laboral fixo do Concello de Dodro.

Terceiro.- Convocar ao Tribunal Cualificador do proceso de selección para a súa constitución o 25/04/2025, ás 12:00 horas, no Concello de Dodro (Tallós s/n, Dodro) e inicio do proceso de selección.

Cuarto.- Convocar ás persoas aspirantes admitidas no proceso de selección de 3 peóns/peoas ao abeiro do Programa PEL-CONCELLOS 2025 para a realización do primeiro exercicio da fase de oposición, consistente na realización da proba práctica sobre as tarefas a realizar no posto de traballo, ás 12:30 horas do día 25/04/2025 no Pavillón Polideportivo do Concello de Dodro.

Os/ás aspirantes acudirán provistos do seu Documento Nacional de Identidade

Quinto.- Convocar ás persoas que non puideron acreditar a posesión do certificado Celga 1 ou equivalente da lingua galega á realización dunha proba escrita, ás 13:30 horas do día 25/04/2025, no Pavillón Polideportivo do Concello de Dodro.

Non acreditaron estar en posesión do Celga 1 ou equivalente da lingua galega os seguintes aspirantes:

APELIDOS E NOME	DNI
BARREIRO VIGO, ANTONIO	***898***
BUSTELO RIAL, JAVIER	***842***

Sexto.- Continuar o proceso de selección coa fase de concurso de méritos ás 14:00 horas do 25/04/2025. Os/as aspirantes que non obteñan a puntuación mínima no primeiro exercicio da fase de oposición e apto na proba de galego, quedarán eliminados do proceso selectivo, e polo tanto NON serán valorados nesta fase.

No concurso valoraranse os méritos aportados ata o día en que rematou o prazo de presentación de solicitudes.

Sétimo.- Que se publique anuncio da presente Resolución no Taboleiro de Anuncios do Concello de Dodro.



Oitavo.- Notificar a presente resolución ás persoas integrantes do Tribunal Cualificador e dar conta ao Pleno na vindeira sesión que teña lugar, de acordo co disposto no artigo 42 do ROF.

Documento asinado dixitalmente

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís

A secretaria-interventora, que da fe, María Cristina Varela García, secretaria-interventora do Concello de Xermade en réxime de acumulación de funcións no Concello de Dodro